

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n
27240 Meira
Lugo
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

RESOLUCION DA ALCALDIA NÚM. 441/2023 DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE DESBROCE MECANIZADO DO CONCELLO DE MEIRA PARA O ANO 2023.

Vista a documentación existente no expediente , resultan relevantes os seguintes:

I- FEITOS:

Primeiro.- O Concello de Meira ten formalizado coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia un Convenio interadministrativo para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2023, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

En virtude do mesmo, a administración autonómica achegará ao concello unha axuda máxima de 320 €/Ha para a roza mecanizada de 69 Ha, por importe de 22.080 €.

Segundo.- O Alcalde do Concello de Meira dita Providencia en data 3 de xullo de 2023 na que ordena a incoación do expediente de contratación do servizo dos tratamentos preventivos.

Terceiro.- O Alcalde por Resolución da Alcaldía número 391/2023, presta aprobación ao expediente para a contratación do servizo de desbroce mecanizado deste concello, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, publicándose no perfil do contratante a documentación correspondente.

Cuarto.- Vista a acta de exame da documentación de data 24 de xullo de 2023 o e a acta de valoración de criterios sometidos a aplicación de fórmulas matemáticas de data 26 de xullo de 2023, onde se propón ao órgano de contratación a adxudicación do contrato a favor do licitador GONZALO HUERTA ABELAIRA, por ser a única proposición presentada e reunir os requisitos.

Quinto.- O Alcalde por Resolución da Alcaldía número 431/2013, logo da proposta da mesa de contratación, requírelle ao licitador Gonzalo Huerta Abelaira. para que presente a documentación xustificativa a que fai referencia a cláusula 21 do prego de cláusulas Administrativas.

Sexto.- Presentada polo licitador o día 31 de xullo de 2023 a documentación correspondente, e examinada a mesma, é considerada conforme.

En uso das competencias atribuídas pola lexislación vixente en materia de réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Adxudicar o servizo de desbroce mecanizado do Concello de Meira para o ano 2023, a favor do licitador GONZALO HUERTA ABELAIRA, con DNI 33.338.669-P e polo prezo de 21.620 € máis 4.540,20 € en concepto de IVE, o que fai un total de 26.160,20 € por ser a única proposta presentada e reunir os requisitos, comprometéndose o licitador a desbrozar 2 ha a maiores das establecidas nos pregos.



CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n
27240 Meira
Lugo
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

Segundo.- A formalización do contrato realizarase mediante a firma polo contratista da resolución de adxudicación. En ningún caso poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización, que se producirá no prazo máximo de cinco días dende que o adxudicatario recibise a notificación da adxudicación.

Terceiro.- Notificarlle á mercantil adxudicataria o presente acordo.

Cuarto.- Proceder á publicación da adxudicación no perfil do contratante e no taboleiro de anuncios do concello.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde-Presidente, ante min, a Secretaria que dou fe.

Meira, 31 de xullo de 2023

A secretaria accidental

Pilar Rozas Alonso

O alcalde

Antonio de Dios Álvarez

